

En Educación Infantil realizamos diversos traballos relacionados co Coñecemento do Medio:

- Observación de diversas láminas e fotografías relacionadas co medio natural.
- **Actividades relacionadas directamente co invernadoiro:**
 - Visitamos o invernadoiro. Observamos e comentamos as súas características, os materiais cos que está feito, o sistema de rega automática...
 - Observamos e comentamos os diversos cultivos dos distintos bancais e plantamos caléndulas, brócoli e berenxenas..
 - Visitamos o invernadoiro para observar como medran os distintos cultivos.

3 anos: Caléndulas



4 anos: Brócoli



5 anos : Berenxenas



- **Observamos e manipulamos as follas levadas a clase:**
 - Comparamos a súa forma, tamaño , cor ... (procuramos que haxa follas de castiñeiro, nogueira, kiwi, parra, pereira, maceira, cerdeira...)
 - Clasificamos follas atendendo a distintos criterios.
 - Prensamos follas.



- **Observamos plantamos e comparamos distintos bulbos** (xacintos, narcisos , crocus, iris, tulipáns...). Colocamos algún deles en auga e observaos os resultados, prestando especial atención as raíces dos mesmos.



- **Observamos e comentamos a vida do tomate:**
 - Observamos e comentamos láminas sobre o ciclo vital do tomate.
 - Partimos un tomate pola metade , observamos o seu interior e extraemos as sementes.
 - Poñemos as sementes do tomate a seca.
 - Observamos o crecemento do tomate plantados polos alumnos de Primaria no invernadoiro.



- **Observamos e manipulamos diversas verduras** traídas polos nenos :
 - Observamos e comentamos láminas de verduras.
 - Dialogamos sobre a importancia do consumo de verduras para unha boa alimentación.
 - Observamos e comentamos receitas feitas con verduras en distintos libros de cociña.



- **Sementamos albahaca , manzanilla e menta e logo transplantamos a vasos de iogur.**



○ **Sementamos garbanzos e lentellas:**

- Observamos e comentamos distintos tipos de sementes : fabas, xudias, chícharos, tirabeques, coles, repolos, nabos...




○ **Observamos unha planta carnívora (*Dioneaea Muscipula*) e vemos como “come” moscas.**



Dioneaea Muscipula

Plantas Carnívoras: Dioneae Muscipula e Nepetes



o Criamos Vermes de Seda e observamos o seu ciclo vital



Mural con fotos do seguimento



Limparamos a caixa dos vermes




Vermes en crecemento



Vermes na cápside

A METAMORFOSE : O VERME DE SEDA



○ **Investigamos coas plantas: Brassica Rapa**

- Plantamos 4 sementes desta planta de rápido crecimiento o seu ciclo vital e de 35 días polo que a observación e a experimentación é moi sinxela e os resultados se obteñen a curto prazo facendo que non se perda o interese polo mesmo.

1ª recibiu luz pero non se regou.

2ª non recibiu nin luz nin auga (a tivemos no armario)

3ª Recibiu luz e auga

4ª Os nenos decidiron o experimento a realizar : a planta recibe luz e se rega con zumo de laranxa.



